



DATOS IDENTIFICATIVOS

Terceiro idioma estranxeiro I: Portugués

Materia	Terceiro idioma estranxeiro I: Portugués			
Código	V01G180V01506			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua de impartición	Outros			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Teixeira Nogueira, Carlos Manuel			
Profesorado	Teixeira Nogueira, Carlos Manuel			
Correo-e	carlosnogueira1@sapo.pt			
Web	http://estudioslusofonos.blogspot.com/			
Descrición xeral	Nesta materia preténdese que o alumnado adquira coñecementos básicos de lingua portuguesa a nivel fonético, gramatical, léxico e pragmático de cara ao nivel A2 do do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. A materia impártese en portugués.			

Competencias

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.

B12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C29	Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do terceiro idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.
C30	Sentar as bases das habilidades de comprensión e expresión oral e escrita.
C31	Coñecer as bases do repertorio léxico básico do terceiro idioma estranxeiro e expandir estes coñecementos a outras terminoloxías máis complexas.
C32	Coñecer a gramática básica e fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.
C33	Coñecer os aspectos fundamentais socio-culturais e de civilización dos países nos que se fala o terceiro idioma estranxeiro.
C34	Mostrar un coñecemento básico-medio do terceiro idioma como lingua estranxeira, o que inclúe a perspectiva lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.
C35	Desenvolver e mostrar a capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do terceiro idioma estranxeiro co propio.
C36	Desenvolver e mostrar a capacidade de contrastar aspectos de civilización propios da xente que fala o terceiro idioma estranxeiro e alleos.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento básico do terceiro idioma como lingua estranxeira, o que inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.	A1 A2 A3	B1	C29 C30 C31 C32 C33 C34 C35 C36
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do terceiro idioma como propio.	A2 A3 A5	B1 B4 B13	C29 C30 C31 C32 C35
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o terceiro idioma estranxeiro e alleos.	A2 A3 A5	B4 B6 B10 B11 B13	C29 C33 C36
Saber traballar en grupo na realización de actividades prácticas nas aulas.	A2 A4	B1 B9	C30 C34
Adquirir coñecementos básicos da cultura e da sociedade dos países de lingua oficial portuguesa, de acordo co nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia das Línguas.	A1 A2 A3	B1 B4 B6 B9 B10 B11 B12 B13	C29 C30 C31 C32 C33 C34 C35 C36

Contidos

Tema	
Contidos de fonética y gramaticais	Contidos relacionados co nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas.
Contidos lexicais	Contidos lexicais e semánticos relacionados co nivel A2 de lingua portuguesa do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas.
Contidos pragmáticos	Formas de tratamento. Idiomatismos. Falsos amigos. Diferenzas entre o portugués de Portugal e o do Brasil.
Elementos básicos de Cultura Lusófona	Aspectos seleccionados da Historia de Portugal, Historia do Brasil, Historia dos países africanos de lingua portuguesa; Historia da literatura na lusofonía; música e arte nas culturas lusófonas actuais; sistemas políticos dos países lusófonos; outros aspectos culturais da lusofonía.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	40	37	77
Traballos de aula	28	40	68
Eventos científicos	5	5	10
Práctica de laboratorio	1	10	11
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	8	10
Traballo	0	30	30
Outras	0	17	17

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Organización e explicación da materia: calendario, exames, exercicios, bibliografía, ferramentas de traballo.
Lección maxistral	O profesorado explicará, combinando teoría e práctica, os contidos esenciais de cada un dos temas, aclarando os conceptos-clave da materia e orientando ao alumnado nas lecturas obrigatorias relacionadas con cada tema.
Traballos de aula	Sesións prácticas, exercicios prácticos de produción oral e escrita. Revisión de contidos gramaticais con exercicios realizados dentro da aula.
Eventos científicos	Asistencia a conferencias, seminarios, filmes ou outras actividades relacionadas cos contidos da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Atención a dúbidas.
Traballos de aula	Atención a dificultades xurdidas durante as sesións prácticas.
Probas	Descrición
Traballo	Atención a dificultades xurdidas durante a preparación de traballos.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballos de aula	Presentación de traballos individuais ou en grupos sobre temas gramaticais diversos a partir de textos de cultura lusófona. Estes traballos poderán ter unha frecuencia semanal.	30	A2 A3	B1 B9 B12	C29 C31 C32 C33 C35 C36
Práctica de laboratorio	Exercicios orais de comprensión, expresión e fonética. Haberá unha proba oral individual.	30	A4	B1 B9	C30 C31 C32 C34 C35
Exame de preguntas de desenvolvemento	Unha proba escrita sobre os contidos teórico-prácticos e de civilización lusófona vistos durante o curso. O alumnado de avaliación única debe tamén estar presente no día do exame.	40	A3	B6 B9 B10 B11	C30 C32 C33 C34

Outros comentarios sobre a Avaliación
As/Os estudantes deberán escoller, de forma obrigatoria nas primeiras dúas semanas do cuadrimestre en cuestión, entre dúas opcións: un sistema de avaliación continua (cf. *supra* a descrición en [Avaliación]) ou un sistema de avaliación única. Recoméndase optar polo primeiro.

Avaliación continua

Dado que se trata do ensino dunha lingua estranxeira, é moi recomendábel asistir con regularidade ás aulas. Quen non teña posibilidade de asistir a un mínimo de 80% das aulas debe comunicalo ao profesorado. En todo caso, a non realización de probas ou exercicios parciais previstos polo sistema de avaliación continua (cf. *supra* a descrición en [Avaliación]) suporá a obtención dunha cualificación de 0 (cero) puntos nesta.

A data do último exame de avaliación continua coincidirá coa data do exame de avaliación única recollida no calendario oficial da FFT.

O exame oral terá lugar no mesmo día nunha sala contigua. Esta proba será gravada en formato audio e a participación nela suporá o consentimento da gravación.

É preciso aprobar ambas as probas (escrita e oral) para superar a materia. Non se realizará media de non ser así. En caso de suspenso, o alumnado de avaliación continua deberá recuperar na convocatoria de xullo aquela(s) proba(s) que teña suspenso (oral, escrita ou ambas, segundo o caso).

Avaliación única

A avaliación única consiste dunha proba escrita seguida doutra proba oral que se realizarán no mesmo día en salas de aula contiguas. A data e hora dos exames (escrito e oral) é a recollida no calendario oficial de exames da FFT. É preciso aprobar ambas as probas (escrita e oral) para superar a materia. En caso de suspenso, haberá que recuperar ambas as probas na convocatoria de xullo.

A avaliación única valorarase da seguinte forma:

1. Proba escrita teórico-práctica: 75% da nota final. 2. Proba oral: 25% da nota final. Esta proba será gravada en formato audio e a participación nela suporá o consentimento da gravación.

É preciso superar ambas as probas (escrita e oral) para aprobar a materia.

A non presentación a unha das probas sen xustificante suporá a obtención nela dunha cualificación de 0 (cero) puntos.

A copia ou o plaxio nos respectivos exames das avaliacións continua ou única serán penalizados cun suspenso (nota numérica: 0) nestas. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Segunda edición das actas

A avaliación consiste nunha proba escrita seguida doutra proba oral que se realizarán no mesmo día. A data e hora dos exames (escrito e oral) é a recollida no calendario oficial da FFT para os exames de xullo.

Os mesmos criterios da avaliación única aplicaranse na segunda edición das actas (xullo). Gravarase a proba oral.

No caso particular do alumnado de avaliación continua que non superase a materia na primeira convocatoria e tivese que acudir á segunda edición das actas, este terá que examinarse exclusivamente da parte ou partes que teñan suspensas (exame oral e/ou escrito).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Carmo, Leonete, **Olá! Como está?**, Lidel, 2011

Coimbra, Isabel, e Coimbra, Olga., **Gramática Ativa 1**, 3ª, Lidel, 2011

Coimbra, Isabel, e Coimbra, Olga, **Gramática Ativa 2**, 3ª, Lidel, 2012

Dicionário da Língua Portuguesa 2011, Porto Editora, 2010

Dicionário Editora de Espanhol-Português, Porto Editora, 2008

Dicionário Editora de Francês-Português., Porto Editora, 2011

Dicionário Editora de Inglês-Português., Porto Editora, 2010

Dicionário Editora de Português-Espanhol, Porto Editora, 2010

Dicionário Editora de Português-Francês., Porto Editora, 2009

Dicionário Editora de Português-Inglês., Porto Editora, 2010

Dicionário Moderno da Língua Portuguesa, Porto Editora, 2010

Dicionário Moderno de Sinónimos e Antónimos., Porto Editora, 2012

Dicionário Moderno de Verbos Portugueses, Porto Editora, 2010

Duarte, Gonçalo (org.), **Histórias de Bolso.**, Lidel, 2016

Henriques, Teresa Sousa & Frederico de Freitas, **Qual é a Dúvida**, Lidel, 2011

Machado, José Barbosa., **Introdução à História da Língua e Cultura Portuguesas**, Edições Vercial, 2009

Ruela, Isabel, **Vocabulário Temático**, Lidel, 2015

Bibliografía Complementaria

Castro, Ivo., **Introdução à História do Português.**, 2ª, Edições Colibri, 2006

Cristóvão, Fernando (dir. e coord.), **Dicionário Temático da Lusofonia**, Texto Editores, 2005

FLiP 9 - Ferramentas para a Língua Portuguesa. [www.flip.pt]., Priberam, 2015

Sobral, José Manuel., **Portugal, Portugueses: Uma Identidade Nacional.**, Fundação Francisco Manuel dos Santos, 2012

<http://www.portaldalinguaportuguesa.org/>,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Terceiro idioma estranxeiro II: Portugués/V01G180V01705

Outros comentarios

En todo caso, recoméndase a asistencia regular ás aulas e ás titorías e a consulta dos materiais e informacións específicas na plataforma FAITIC, mesmo que non se siga o sistema de avaliación continua.

Un bo nivel de lingua galega axudará na comprensión desta materia.

A lectura e a audición de textos en lingua portuguesa axudan a aumentar o léxico e a fluidez no uso da lingua.

Na biblioteca da Facultade existen interesantes recursos que facilitarán o estudo desta materia.
